

A escrutar a ollada contemporánea

Carlos Caetano Biscaíño

Crítico de teatro

“Non claudiques coma espectador e acude ás salas. A opinión máis importante é a túa”

Un dos temas máis recorrentes da arte contemporánea constitúeo a reflexión sobre o papel do espectador. Como o dramaturgo Gustavo Pernas apunta no seu ensaio *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*, o espectador burgués dos nosos tempos vive cinicamente refuxiado na escuridade do patio de butacas –ou ao outro lado do computador– e deita o seu ollar depredador nunha confusión entre o obsceno e o espectáculo. Ademais, como acontece no cadro de Manet, a contemplación do *voyer* vístese de atributos machistas e consome a muller –produto– con lúbrica fruición vampírica. O espectáculo que Nut Teatro nos propón conturba propositadamente eses roles. N’*A mirada de Pier*, as mulleres ofrecen consciente e provocadoramente as súas reflexións sobre os desexos máis íntimos e o espectador vese privado da súa capacidade depredadora, posto que xa non hai furtivismo. Trátase dun xogo dirixido polas mulleres, en que se desvendan as miserias dese consumismo visual impunemente violentador. Xa non son carne pronta para ser rapinada, mais seres con desexo e autonomía que deciden como vai funcionar o xogo da contemplación e cal vai ser a función do ollo que espreita. Malia certos excesos propios dunha prosodia castelanizada, as intérpretes conseguen construír coas súas voces atmosferas moi teatrais. A posta en escena incorpora solucións escénicas de grande orixinalidade que plasman o desexo e a submisión sen caer en lugares comúns. Carlos Neira dirixe unha proposta nada condescendente que incorpora un denso xogo de cruzamentos de ollares, cruzamento construído mediante un efectivo emprego de recursos audiovisuais. ●

A MIRADA DE PIER

AUTORA: CLARA GAIO

DIRECCIÓN: CARLOS NEIRA

PRODUCCIÓN: NUT TEATRO